



MEMORIA

PRESENTACIÓN DO PROXECTO.

Procedemento PE209C

DATOS DA/S ENTIDADE/S SOLICITANTE/S

ENTIDADE/ENTIDADES SOLICITANTES	CIF
CONFRARIA DE MUXIA	G15033913
NOME DO PROXECTO	
Coidado Seguemento e Control dos Bancos Marisqueiros en Muxia	
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
Daniel Castro Fernandez	76339524V
DATA DE INICIO DO PROXECTO	16/8/2015
DATA DE FINALIZACIÓN DO PROXECTO	30/6/2016



1. DESCRICIÓN DO PROXECTO (MEMORIA TÉCNICA).

1.1 RESUMO DO PROXECTO:

Dende fai uns anos a actividade marisqueira ten unha importante relevancia no seo do sector extractivo, tanto a nivel social como a nivel económico. Os sectores productivos asociados os recursos específicos experimentaron un notable incremento garantindo novos postos de traballo e novas formas na xestión dos recursos. Termos coma “explotación racional”, “control de acceso ó recurso”, “pesca sostible” acuñáronse nos ultimos anos, augurando un futuro mellor, e un relevo xeneracional para ós nosos mariñeiros e mariscadores. No centro de este gran cambio ó coidado e control dos nosos recursos é fundamental como garante da forma de “vida” das persoas que explotan no marco da legalidade os nosos produtos.

1.2 CONTEXTO, ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN DA REALIZACIÓN DO PROXECTO:

Dende fai anos a actividade marisqueira tivo sempre unha gran importancia dentro do conxunto da actividade económica no seo da Confraría. A realización de accións de recuperación, saneamento e control dos bancos marisqueiros e necesaria para manter e incrementar a capacidade productiva dos recursos mariños.

Por todo elo, é necesario establecer mecanismos que permitan levar a cabo os traballos de coidado, control, seguimento e vixilancia dos recursos explotados no seo da Confraría. Na actualidade un dos maiores problemas aos que se enfrontan as agrupacións sectoriais é o furtivismo, tanto externo como interno. Por tanto faise preciso contratar persoal ou empresas de sector de seguridade para velar polo estricto cumprimento das normas regulamentariamente establecidas, deste xeito acadamos que o recurso se explore dunha forma mais sostible, xa que establecemos mecanismos de control nos bancos marisqueiros da confraría dende o mesmo momento en que se recolecta o recurso.



HISTORIAL PRODUCTIVO 2012-2014			
ANO	ESPECIES	KILOS/PMedio	IMPORTE(€)
2014	PERCEBE	22635,00 20,00	452700,00 €
	Longueiron-Navalla	362,50	2045,00 €
	Ourizo	6,50 €	
		275000 2,65 €	7285,00 €
2013	PERCEBE	22450,00 20,00€	449000,00 €
	Longueiron-Navalla	1721,50 9.50 €	10025,00 €
	Ourizo	5180,00 2,58	13440,00
2012	PERCEBE	19.177,00 20,00	383540,00 €
	Longueiron-Navalla	1925,00 6,70 €	12902,00 €
	Ourizo	20100,00 2,58 €	51430,00 €

Resumo das accións anuais no periodo 2010-2014

Ano	Acción Acometida
2015	1 Vixiantes Contratados pola Confraria Vixiancia da Concesión da Confraría, coidado e control dos Bancos.
2014	1 Vixiantes Contratados pola Confraria Vixiancia da Concesión da Confraría, coidado e control dos Bancos.
2013	1 Vixiantes Contratados pola Confraria Vixiancia da Concesión da Confraría, coidado e control dos Bancos.
2012	1 Vixiantes Contratados pola Confraria Vixiancia da Concesión da Confraría, coidado e control dos Bancos.
2011	1 Vixiantes Contratados pola Confraria Vixiancia da Concesión da Confraría, coidado e control dos Bancos.



1.3 NECESIDADES E OBXECTIVOS DO PROXECTO:

O Obxectivo principal do proxecto persegue acadar unha xestión responsable e sostible dos recursos mariños explotados e dos seus habitats costeiros, facendo uso de servizos de vixilancia, e doutro lado concienciando ao sector (posiblemente a través de formación en responsabilidade social) de que os recursos que explotan son limitados, e que unicamente a través dunha xestión responsable (Xestión do común, do que é de todos), acadaremos unha xestión racional.

Obxectivo Específico do proxecto: Vixilancia e control de acceso aos recursos mariños no ámbito territorial da confraría de Muxia.

1.4 ACTIVIDADES A REALIZAR:

2.4.1.► Xestión e seguimento dos recursos mariños vivos nas zonas de produción.

2.4.1.1. Elaboración e seguimento dos plans de co-xestión de recursos mariños vivos.

Tipos de actuacións que se pretenden acometer :

1. Vixilancia e control dos recursos marisqueiros no ámbito da concesión.

- Realización dos traballos de Coidado, Control, Seguemento e Vixilancia dos bancos marisqueiros, en cooperación coa Consellería de Pesca.
- Control do furtivismo interno e externo
- Control de topes de capturas
- Control horarios de acceso ó recurso (os establecidos legalmente mediante a correspondente resolución)
- Fixación e delimitación dos puntos de control.
- O servizo de vixilancia actuará baixo a supervisión do servizo de Protección de Recursos en estricta colaboración con este, achegando todos aqueles datos e informes que lle poidan ser requeridos por éste sobre a materia.



2. Relización de Mostraxes, analise de datos:

Periodicamente técnicos da Consellería avalian o estado do recusus mediante a realización de mostraxes.

A Confraría conta cos seguintes instrumentos para avaliar o estado dos recursos:

- Datos procedentes dos controis de vixiancia, nos bancos de orixe. O recurso unha vez extraído ten que pasar obrigatoriamente por un punto de control.
- Datos procedentes da vendas en Lonxa
- Datos procedentes das Descargas (mercancía non vendida en Lonxa).


O procesado de información realizase utilizando ferramentas informáticas que posibilitan a obtención da CPEU diaria por especie. Estes datos así mesmo están dispoñibles para Teleauditoria. Posteriormente son incluídos en Plan de Explotación.

A modo de exemplo se anexa a taboa correspondente a Xaneiro do 2015:

Data	A PE						Descargas		CPUE		
	NP	Kgs	Pmed	Pmax	Pmin	Imprte	NP	Kgs	Total	TKgs	CPUE
02.01.2015	2	27,00	12,00	12,00	12,00	324,00	26	59,50	28,00	86,50	3,09
05.01.2015	2	13,00	12,00	12,00	12,00	156,00	30	106,50	32,00	119,50	3,73
06.01.2015	2	9,00	12,00	12,00	12,00	108,00	0	0,00	2,00	9,00	4,50
07.01.2015	0	6,00	12,00	12,00	12,00	72,00	24	39,50	24,00	45,50	1,90
09.01.2015	2	9,00	12,00	12,00	12,00	108,00	0	0,00	2,00	9,00	4,50
12.01.2015	2	8,00	12,00	12,00	12,00	96,00	0	0,00	2,00	8,00	4,00
23.01.2015	3	5,00	12,00	12,00	12,00	60,00	24	66,00	27,00	71,00	2,63
26.01.2015	2	6,00	12,00	12,00	12,00	72,00	27	86,50	29,00	92,50	3,19
27.01.2015	2	4,00	12,00	12,00	12,00	48,00	24	48,00	26,00	52,00	2,00
30.01.2015	4	16,00	12,00	12,00	12,00	192,00	0	0,00	4,00	16,00	4,00




E a previsión con analisis regresivo no periodo de Outubro a Decembro:



A periodicidade coa que se envían os datos a Administración é de aproximadamente un mes, aínda que os datos están dispoñibles na web de xeito telemático instantaneamente.

2.4.1.2. Avaliación do estado de conservación e da biodiversidade, nos paraxes de Natura 2000, nas zonas mariñas protexidas e nos hábitats costeiros de especial interese para a cría de organismos mariños.

A meirande parte da concesión está incorporada ao Plan Natura 2000



No ámbito sinalado no mapa afectado pola Rede Natura **únicamente se explota o Recurso específico do Percebe**. Esta zona se divide en tres bancos marisqueiros denominados (Intecmar) CM26, CM27 e CM28. Na zona interior da ría se explota o Recurso Específico da Navalla-Longueirón (Plan de explotación conxunto coa Confraría de Camariñas), e Plan de Ourizo (que abrangue toda a zona VI – Costa da Morte, participan no plan embarcacións da Confraría de Malpilca, Corme, Laxe, Camelle, Camariñas e Muxía).

Ref: http://www.cmati.xunta.es/seccion-tema/c/Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Espazos_protexidos/seccion.html



Características

- Tipoloxía Xeográfica da Zona: Zona Litoral rural con unha extensión de uns 10kms.
- Tipo de Habitat: Costeiro Litoral, con grandes zonas de acantilados donde se explota o recurso do percebe e se realizan actividades de pesca recreativa.
- Características Bioloxicas: Especie a Explotar Percebe (Pollicipies Cornucopia).

Presións e Impactos:

- Extracción Selectiva do Recurso por parte da agrupación sectorial
- Humanas: na zona existe unha ampla dispersión poboacional, con varios núcleos habitados que exercen presión sobre o medio.
- Contaminación: Toda a zona de explotación situase fronte ao Canal de Tráfico marítimo de Fisterra, co conseguinte risco de vertidos.
- Outras Perturbacións: Ruido (navegación) e desfeitos mariños (temporais de inverno provocan desprendementos).

Avaliación do Estado do Recurso:

Esta Confraría **non conta cos medios nin técnicos, nin humanos para facer un análise** serio do estado biolóxico do recurso. Isto é traballo dos Estados Membros segundo se indica na Directiva CE 2008/56/CE (e por tanto, é traballo das universidades, técnicos e biólogos da Administración). As fontes de datos utilizadas para a avaliación do estado biolóxico dos recursos proceden dos datos de controis dos gardas, dos datos de vendas en lonxa e dos datos procedentes das descargas.



2.4.1.3. Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños.

a) Rexeneración:

Para a óptima explotación do recurso, estableceuse calendarios de extracción anuais (incluídos en plan de explotación anual). Para o recurso específico do percebe utilízase un calendario rotativo trimestral. En este período se abren unhas zonas e se pechan outras co único fin de garantir unha explotación racional do recurso e posibilitar a súa rexeneración. Tense así mesmo solicitado a Administración o rareo (limpeza) de zonas improdúctivas. Na taboa que se xunta indícase o calendario de extracción para o vindeiro 2016.

Zona/Mes	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xun	Xul	Ago	Sep	Oct	Nov	Dec
Touriñan Zona A CM 26	A	A	A	P	P	P	A	A	A	P	P	P
A Buitra Zona B CM 27,28	P	P	P	A	A	A	P	P	P	A	A	A
A Barca Zona C1, C2 CM 29,30,31	ZONA PIVOTE											

b) Mantemento da Actividade Extractiva:

Periodicamente, e co único fin de manter a actividade productiva e os postos de traballo (xa que as agrupacións sectoriais tenden a mermar, por mor do modelo social que estamos a construír entre todos) solicítase a Administración de Pesca a Cobertura de vacantes producidas no seo da Agrupación (baixas, xubilacións, etc...). En ocasións, dependendo do estado biolóxico do recurso soense solicitar aplicacións (o baremo biolóxico é realizado pola Administración).



2.4.1.4. Análise dos descritores definidos na Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña.

Non contamos cos medios técnicos nin humanos para facer unha análise deste tipo. Se describen algúns de xeito non técnico.

- **Descriptor 1:** Mantense a Diversidade:

Este descriptor está desenrolado no apartado 2.4.1.2. Desenrolase dende un punto de vista non técnico xa que non contamos con maior información.

- **Descriptor 2:** Especies aloctonas (invasoras):

En este apartado facemos referencia ao indicado na Web do ministerio de Agricultura e Pesca (Magrama)

<http://www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/conservacion-de-especies/especies-exoticas-invasoras/>. Na actualidade non contamos con mais información técnica de referencia.

- **Descriptor 3:** Distribución Biolóxica:

Faise referencia a este descriptor no apartado 2.4.1.3, 2.4.1.7 e 2.4.1.8. A información relativa a este descriptor tratase coa información que contamos na actualidade (descargas, controis e datos de vendas).

- **Descriptor 10:** Desfeitos Mariños:

A confraría participa dende fai varios anos en tarefas de limpeza dos fondos das rías (Limpeza Porto), e limpeza das praias do noso Litoral (*ref*

<http://cofradiademuxia.sytes.net/noticia.php?num=118&tema=SOCl&pagina=1>), *xunto con Asociacións Locais e Asociacións Privadas. (ie Cemma “Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños”)*

- **Descriptor 11:** Introducción da Enerxía: A confraría ten contratado servizo de auditoria enerxética como medida de aforro económica e enerxética, co fin de minimizar o impacto da contaminación enerxética no medio ambiente. Ten adaptado o seu ciclo de produción (fabricación xeo e outros) a horarios nocturnos.



DESCRIPTOR	SI/NON	Nº INDICADORES	ACTIVIDADE/ES
DESCRIPTOR 1	X		Descíbese no apartado 2.1.4.2
DESCRIPTOR 2	X		Descíbese no apartado 2.1.4.4
DESCRIPTOR 3	X		Descíbese en 2.1.4.3, 2.4.1.7 e 2.4.1.8.
DESCRIPTOR 4			Técnicos da Administración do Estado Membro. Non contamos con información nin medios.
DESCRIPTOR 5			Técnicos da Administración do Estado Membro. Non contamos con información nin medios.
DESCRIPTOR 6			Técnicos da Administración do Estado Membro Non contamos con información nin medios.
DESCRIPTOR 7			Técnicos da Administración do Estado Membro. Non contamos con información nin medios.
DESCRIPTOR 8			Técnicos da Administración do Estado Membro Non contamos con información nin medios.
DESCRIPTOR 9			Técnicos da Administración do Estado Membro. Non contamos con información nin medios.
DESCRIPTOR 10	X		Descíbese en 2.4.1.4
DESCRIPTOR 11	X		Descíbese en 2.4.1.4

2.4.1.5. Cartografado dos hábitats e das especies, especialmente das exóticas invasoras.

Facemos referencia ao indicado na web do Magrama en
<http://www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/conservacion-de-especies/especies-exoticas-invasoras/>.

Na web se nos mostra cales son as especies exóticas invasoras e planimetría con localizacións das mesmas.


2.4.1.6. Seguimento dos hábitats e das especies.

Non contamos cos medios técnicos nin humanos para facer unha análise deste tipo. A avaliación que podemos realizar basease nos datos que figuran no Magrama e na Web da Consellería do Cmati.



2.4.1.7. Cartografado da actividade extractiva realizada polos socios da entidade.

A Confraria organiza a actividade extractiva nos bancos que ela xestiona mediante sistemas rotativos entre zonas. A tal hora é posible facer un análise puramente estatístico en base as capturas realizadas. A falla de análises biolóxicos (muestreos, mortantande, relevo, etc...) sobre o estado dos recursos obxeto da memoria impiden representar de xeito fidedigno a realidade dos recursos. Na imaxe anexa, se indican os Bancos que explota a Confraría e na taboa anterior o calendario de explotación.





Delimitación das zonas e Puntos de Control:

Do mesmo xeito delimitanse con coordenadas xeograficas as zonas e os Puntos de Control (zonas polas que obrigatoriamente deben pasar os mariscadores que explotan o recurso a facer controis de peso e talla).

ZONA A (CM26): ZONA DE TOURIÑÁN, desde a praia de Nemiña ata punta Matemao.

Praia de Nemiña	29T 0478141 // 4762292
Punta Matemao	29T 0479378 // 4768125

Punto de control da zona A:

Saída da pista de Moreira	29T 0478645 // 4765143
---------------------------	------------------------

ZONA B (CM27,28): ZONA DA BUÍTRA, de punta Matemao ata a praia de Lourido.

Punta Matemao	29T 0479378 // 4768125
Praia de Lourido	29T 0481721 // 4771002

Punto de control da zona B:

Campo de Carlos	29T 0480315 // 4769640
-----------------	------------------------

ZONA C (CM29,30,31): A BARCA, desde a praia de Lourido ata punta Piaduiro.

Praia de Lourido	29T 0481982 // 4771126
Punta Piaduiro	29T 0486860 // 4774643

Puntos de control da zona C:

Campo de Buiburón	29T 0482065 // 4772001
A Barca	29T 0482266 // 4773567

PERCEBE A FROTE: (COMUN A TODAS AS ZONAS)


Punto de control para o percebe a frote:

Peirao do porto de Muxía	29T 0482504 // 4772772
--------------------------	------------------------




2.4.1.8. Seguimento de indicadores de abundancia, da composición específica das capturas e da súa estrutura de tallas.

Os índices que permiten ter unha estimación do estado dos bancos, como a abundancia relativa (CPUE) e o cálculo da composición específica das capturas a partir dos datos diarios de captura de cada especie-recurso, obteñense dos datos das vendas, descargas e dos controis de peso e talla organizados polo servizo de Vixilancia. Neste senso, en plan de explotación indicase a nivel estatístico a evolución das capturas nos derradeiros cinco anos, e aprevisión de ingresos medios por mariscador. Tamén se fan previsións sobre a abundancia relativa e se reflexan graficamente en Plan de Explotación. Do mesmo xeito as Agrupacións teñen establecidos máximo número de días de extracción e cupo diario de capturas. (ref Plan de Explotación Anual). No presente proxecto e para o plan de explotación do Percebe, 155 días máximos de extracción, con un cupo máximo de 6kg diarios.






Ingresos medios previstos no Periodo 2009-2014



Evolución da CPUE nos derradeiros 5 anos.





Como conclusión, e en base aos datos cos que contamos podemos establecer o seguinte:

1. A agrupación conta con unha cifra que oscila entre as 60-65 persoas.
2. O número medio de persoas que explotan o recurso é de 30-35 por día.
3. No periodo 2009-2014 a produción aumentou perto dun 40%.
4. A tanxente da liña de regresión é positiva (cunha pendente do 5%), o que indica que a predicción para os vindeiros anos é que se manteña a mesma ou se incremente relativamente. A previsión para o 2016 situase aproximadamente en 24 Toneladas (este dato dependerá do feito de que se cubran as vacantes producidas na agrupación).
5. Do mesmo xeito, os ingresos medios previstos tenderán a incrementarse nunha porcentaxe proporcional (Considerese a situación contextual de crise que estamos a vivir).
6. A CPUE no mesmo periodo sigue a mesma liña de tendencia cunha pendente de 0,121 (6,899% de incremento), o que nos indica que a mesma tende a estabilizarse ou a crecer relativamente. (Considerese que o valor relativo de R é baixo.)



2.4.1.9. Contribución á vixilancia epidemiolóxica: Envío de mostras ao INTECMAR para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras

A confraría colabora co INTECMAR na recollida de mostras de auga o biolóxicas na súa área de actuación na que desenvolve a explotación dos recursos marisqueiros. En particular no envío de mostras de bivalbos.

O Intecmar analiza as mostras enviadas para determinar a presenza de toxinas e outros elementos no medio mariño, e determinar si son aptas para o consumo humano, e por tanto para a súa posta a comercialización.



2.4.2. ► Formación profesional e formación permanente do persoal e asociados da entidade e aumento da sensibilidade medioambiental.

2.4.2.1. Actividades relacionadas coa formación realizadas polas entidades.

A confraría emprende e participa de maneira activa en actuacións orientadas a melloral a formación e capacitación dos seus **asociados**, organizando ou solicitando cursos, como por exemplo:

- Cursos sobre Seguridade e Saude Laboral (prevención de riscos)
- Cursos para ter Acceso ao Recurso (Obtención de Permisos de Explotación)
- Cursos de Mariñeiro Pescador, Formación Básica, Patrón de Pesca
- Cursos de Formación Sanitaria.
- Cursos de Reciclaxe

DIVULGACIÓN

En relación ao **persoal** ten establecido un plan anual de saude laboral, facendo enfase en xeral na formación dos seus traballadores (Capacitación). Respeta xornadas e horarios, salarios e vacacións.

FOMENTA o intercambio de saberes e experiencias e a divulgación de boas prácticas entre os seus asociados.

A Confraría fomenta a **TRANSPARENCIA** contable, fiscal e social como un valor, e no exercicio das suas actuacións difunde a súa imaxe, a das Confrarías de Galicia e a da Xunta de Galicia (posta en **VALOR**, en grande medida somos o que os demais ven de nos). (ref <http://cofradiademuxia.sytes.net>). Proxectamos a nosa imaxe hacia o exterior.

Promove a **HONRADEZ**, a calidade dos seus servizos, e intenta combatir o fraude e a corrupción.



É especialmente sensible a incorporación de **NOVAS TECNOLOXÍAS**, e ofrece multitude de servizos a través de medios web. Estes servizos ofrecense a Clientes, Provedores, Socios, e incluso a propia Administración, posibilitando a **TELEAUDITORIA** de datos.

Ten participado en proxectos de **INVESTIGACIÓN** coas universidades, (*Ref: Universidade Coruña e Vigo*) e colabora en proxectos privados de IDI en materia de comercialización (*Ref: SIVSA*).

En relación ao plano **MEDIOAMBIENTAL**, a Confraría ten contratados servizos de auditoría enerxética para evitar o despilfarro, fomenta o consumo e a compra responsable e ten un absoluto respecto pola norma regulamentariamente establecida.

2.4.3. ► Conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños.

2.4.3.1. Actividades relacionadas coas labores que desempeñan os servizos de vixilancia das entidades:

Para a execución do PLAN establececese en **UNHA persoa titulada** a que se encargará do servizo de Prevención e Vixiancia.

No relativo as tarefas de vixiancia, a Confraría acometerá as seguintes accións:

- Realización dos traballos de Coidado, Control, Seguemento e Vixilancia dos bancos marisqueiros, en cooperación coa Consellería de Pesca.
- Control do furtivismo interno e externo
- Control de topes de capturas
- Control horarios de acceso ó recurso (os establecidos legalmente mediante a correspondente resolución)
- Fixación e delimitación dos puntos de control.
- Organización de grupos de vixiancia entre os asociados.



- O servizo de vixancia actuará baixo a supervisión do servizo de Protección de Recursos en estricta colaboración con este, achegando todos aqueles datos e informes que lle poidan ser requeridos por éste sobre a materia.

E se **COMPROMETE** a:

- Aportar os medios necesarios (transporte e outros) para realización deste proxecto.
- Os medios previstos poderán utilizarse, así mesmo, polos servizos da Consellería para o exercicio das accións previstas.
- Responsabilizarse do persoal e dos medios que interveñan na execución dos traballos, a efectos laborais, de control dos horarios, organización do traballo e en todos aqueles aspectos que na execución da acción lle competen.
- O persoal contratado actuará baixo a supervisión do servizo de Protección de Recursos en estricta colaboración con este, achegando todos aqueles datos e informes que lle poidan ser requeridos por éste sobre a materia.
- O persoal poderá formular denuncias de infracción, por faltas cometidas nas áreas de autorizacións e concesións que serán tramitadas a través do SPR.
- O persoal contratado para a realización das tarefas deberá acreditar estar en posesión da habilitación de garda particular de campo coa especialidade de gardapesca marítimo, prevista na Lei 23/92, do 30 de Xullo, de seguridade privada.
- A Confraría aboará o salario establecido legalmente según a categoría do persoal contratado.
- Facer un seguemento conxunto coa Consellería do desenvolvemento da acción aportando os medios necesarios para o mesmo.
- Poñer en coñecemento da Consellería calquer incidencia que afecte a realización ou desenvolvemento das tarefas a realizar.
- Por a disposición da Consellería toda canta información que sobre coidado, control, seguemento e vixancia das accións requeridas lle sexa requerida.



2.5. Plan de traballo

Actividades 2.4 (A)	Tarefas (T)	Resultados Esperados (RE)	Insumos	Indicadores	Área de intervención
Elaboración e seguimento dos plans de co-xestión de recursos mariños vivos	Vixiancia da Concesión Administrativa	Combatir o furtivismo interno e externo		Nº de Actas	Ambito Territorial da Confraria
	Organización Grupos Vixiancia				Ambito Territorial
	Controis de talla das capturas	Acceso ao recurso de xeito regulado.		Informes de Controis Web	Puntos de control
	Control de Horarios de Acceso				
	Documentación relativa a actividade			Actas de Infracción, Partes de intervención, comisos, partes de entrega	



2.6. Cronograma de actuacións.

O proxecto ten carácter anual, e correlacionase co exercicio económico en curso. No contexto deste proxecto, considerase o incio da actividade o 16/8/2015 e o remate o 30/6/2016.

2.7. Descrición e participación do sector beneficiario.

A agrupación participa nas tarefas de vixiancia, e o grao de implicación do sector que se vai beneficiar das actuacións previstas soe ser baixo. Entorno a un 25% dos participantes do plan colaboran no proxecto. A vixiancia é necesaria para a mellora do estado medioambiental e do medio mariño que repercutirá positivamente na mellora da produción e da calidade de vida das persoas que se dedican á actividade extractiva.

2.8 Datos complementarios

A entidade solicitante ten:	Sí/Non
Implantadas medidas de Responsabilidade Social Corporativa	A Confraria participou con outras tres, durante o verán do 2015 nun proxecto piloto de RSC organizado pola Consellería do Mar. Se propondrá algún tipo de medida que persiga mellorar o aspecto económico, medioambiental e social. Manuais de acollida, auditorias enerxéticas, e fomento da igualdade de xénero no sector.
Implantadas medidas de Igualdade ou están en posesión da Marca galega de Excelencia en Igualdade	NO (de momento).



3. ORZAMENTO E IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (MEMORIA FINANCEIRA).

	Posto de Traballo	Categoría	NºEfectivos	Meses	Soldo Neto	IRPF	Seg.Social	S.SEmpresa	Tot Individual	Total
2015	Vixiante	GardaPesca	1	4,50	5030,01	406,35	368,64	1944,68	7749,68	7749,68
	16 Agosto-Decembro									
2016	Vixiante	GardaPesca	1	6,00	6706,68	541,8	491,52	2592,90	10332,90	10332,90
	Xaneiro a Xunio									
TOTAL					11736,69	948,15	860,16	4537,58	18082,58	18082,58

IMPORTE SOLICITADO	Efectivos	I/Mensual	Meses	Total
ANUALIDADE 2015	1	1210,00	4,50	5445,00
ANUALIDADE 2016	1	1210,00	6,00	7260,00

Total Solicitado **12705,00**

Coefficiente de Financiamento	70,26%
NºAsociados (media 3 anos)	200
Ratio por Asociado (Custe)	63.53
Recursos Propios da Entidade	5377,58 29.73%



3.2 IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (Sen IVE)


CONCEPTO	ANO 1	ANO 2	TOTAL
A. Gastos persoal	5445,00	7260,00	12705,00
B. Contratación profesionais, empresas ou servizos			
C. Adquisición de equipamentos e materiais			

Nº DE SOCIOS DA ENTIDADE		
200	IMPORTE	%
CUSTO ASUMIDO POLO SOLICITANTE	5377,58	29,73%
RATIO ENTRE O IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA E O Nº DE SOCIOS DA ENTIDADE	63.53	

En Muxia , a 29 de Outubro de 2015



Natxo Castro (Secretario)



Daniel Castro (Patrón Maior Presidente)